Firmado por PRADA QUEIPO ROSA ANA - 10869361K
Fecha: 11/05/2017 15:00:19 CEST

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 11 de maio de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"**PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA SANEAMENTO NO NÚCLEO DE PORTANXIL. PAS 2015.-**

En Xunta de Goberno Local de 6 de abril de 2017 foi adoptado acordo de excluír á empresa Brisa Excavaciones Obras e Servicios SL, do procedemento de licitación, por non achegar a documentación que lle foi requirida por acordo de Xunta de Goberno Local de 2 de marzo de 2017, ao ter a condición de primeira clasificada no expediente de licitación.

Na mesma sesión de Xunta de Goberno Local de 6 de abril de 2017, se prestou aprobación á nova lista por orde de decrecente de puntuación dos licitadores, e acordouse requirir a documentación necesaria para a adxudicación ao clasificado en primeiro lugar, que resulta ser Excavaciones Midon SL.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Foi presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, tal e como resulta da acta da Mesa de Contratación de 5 de maio de 2017.

Figura fiscalización de conformidade da Intervención municipal (informe 150/2017).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación de Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra Saneamento no núcleo de Portanxil á empresa Excavaciones Midón SL, con CIF B-15.494.388 , e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de sesenta e nove mil seiscentos setenta e seis euros e oitenta e cinco céntimos (69.676,85.- Euros) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de catorce mil seiscentos trinta e dous euros (14.632,14.- €).

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra saneamento no núcleo de Portanxil ó enxeñeiro de camiños, Julio C. Rojo Martínez da empresa Estudio Técnico Gallego SA.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 11 de maio de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

Firmado por ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B
Fecha: 11/05/2017 19:04:16 CEST